



## **CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045  
e-mail: correo@boimorto.es

**Descrición Decreto:** Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso praza de fisioterapeuta a xornada completa, listaxe definitiva, nomeamento e convocatoria Tribunal cualificador

### **DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, praza de fisioterapeuta da Residencia e Centro de día municipal de Boimorto a xornada completa por concurso, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aproba-la seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

<b>FISIOTERAPEUTA XORNADA COMPLETA CONCURSO</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
<b>ADMITIDOS/AS</b>	
GARCÍA BERMEJO ANA ISABEL	XXX8082XX
<b>EXCLUÍDOS/AS</b>	
NINGÚN/HA	

**SEGUNDO.-** Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as para a selección por concurso praza de fisioterapeuta a xornada completa da Residencia e Centro de día municipal de Boimorto.

**TERCEIRO.-** Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

**-Presidente:** M.<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea, Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto,

**Suplente presidente:** M.<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez, Traballadora social do Concello de Vilasantar.

**-Vogais:**

**Titular 1:** Ana M.<sup>a</sup> Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto.

**Suplente 1:** M.<sup>a</sup> Lourdes García Sánchez, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Vilasantar.

**Titular 2:** M.<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto.

**Suplente 2:** M.<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, Traballadora social do Concello de Sobrado.

**Titular 3:** Cristina Tato Míguez, Orientadora laboral do Concello de Santiso.

**Suplente 3:** Guadalupe Vázquez Ascariz, Traballadora social do Concello de Toques.

- **Secretario:** Jorge Boado Fernández, Secretario interventor do Concello de Boimorto.

**Suplente secretario:** Iván Ponte Mahía, Secretario interventor do Concello de Toques.

**Asesor especialista:** Sara Moreiras Rodríguez, Fisioterapeuta.

**CUARTO.-** Fixar o vindeiro 26 de marzo de 2024 ás 9:00 horas como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador ( constitución) e para comezar co proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para a presente praza.

A xuntanza do Tribunal cualificador farase no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Boimorto, sito na rúa Vilanova, núm. 1.

**QUINTO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello.

**SEXTO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ